



## Concello de Lourenzá

---

### **BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS EN RÉXIME LABORAL NON PERMANENTE DE: 1 TRABALLADOR FORESTAL; PARA O CONCELLO DE LOURENZÁ, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

#### **PRIMEIRA.—OBJECTO E NORMA DE APLICACIÓN.**

Esta convocatoria ten por obxecto a selección mediante concurso-oposición dunha praza de Traballador Forestal para o Concello de Lourenzá, ao abeiro da *Orde do 12 de Decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural)* e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019, en réxime de persoal laboral temporal por un período de **nove meses a xornada completa**.

A convocatoria publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Lourenzá e na páxina Web ([www.concellodelourenza.gal](http://www.concellodelourenza.gal)), e presentaranse as correspondentes ofertas de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia cunha antelación mínima de 15 días hábiles na data prevista para realizar as correspondentes contratacións.

Estes contratos encádranse na *Orde do 12 de Decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural)* e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria mediante a concesión dunha subvención por importe de 13.022,10 €.

Este plan creouse para a realización de accións de fomento do emprego en colaboración coas entidades locais rurais a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas para a realización de tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza de montes ou outras tarefas de valorización forestal, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

---

## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 Lugo. Tfno: 982121006. Fax: 982121506



## Concello de Lourenzá

### SEGUNDA.— CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS DE TRABALLO LABORAL CONVOCADOS.

O número de postos de traballo, a súa denominación e características relaciónanse de seguido:

Nº DE PRAZAS	OCUPACION	GRUPO DE COTIZACIÓN
1	TRABALLADOR FORESTAL	8

#### **TRABALLADOR FORESTAL:**

- **Titulación:** Graduado Escolar, certificado de escolaridade, certificado de estudos primarios ou equivalente.
- **Modalidade e duración contractual:** 9 meses en réxime de dedicación a tempo completo. (40 horas semanais).
- **Carné de conducir:** B.
- **Funcións:** O posto de traballo forma parte do cadro de persoal do Concello de Lourenzá e as funcións que ten encomendadas, a título enunciativo, son as seguintes:
  - Exercedrán as tarefas propias do posto de traballo, isto é, aquelas relativas coa prevención e defensa contra incendios forestais, realizando tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza de montes e outras tarefas de valorización forestal, mantemento de vías de titularidade municipal, franxas de biomasa, franxas de protección, etc.
  - En xeral, cales queira outras tarefas afíns á categoría do posto e semellantes ás anteriormente descritas, que lle sexan encomendadas polos seus superiores e resulten necesarias por razóns do servizo.
  - Calquera outra que se desprenda dos diferentes servizos municipais e acorde coa súa cualificación, non relacionada anteriormente, que lle encomende a autoridade municipal no exercicio das súas funcións.
  - Estas prazas están suxeitas a flexibilidade de horario.
- **Retribucións:** Os/As aspirantes seleccionados/as e contratados/as percibirán as retribucións segundo o seguinte desglose:

## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 Lugo. Tfno: 982121006. Fax: 982121506



## Concello de Lourenzá

GRUPO COTIZAC. SEG. SOC.	Nº TRAB.	OCUPACIÓN	CNAE 2009 ou OCUPACIÓN	CUSTO UNITARIO MENSUAL			CUSTOS TOTAIS				
				SALARIO BRUTO (1)	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTA PATRONAL Á SEG. SOC.	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	INDEMNIZA CIÓN FIN CONTRATO	TIPO XORNADA o/	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
8	1	TRABALLADOR FORESTAL	8411-D	1050	37,80	396,91	1446.91	9 M	315	100	13.337,19

### TERCEIRA. NORMATIVA APLICABLE

Ao presente concurso-oposición seralle de aplicación o previsto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP). Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente que non se opoñan ao disposto no TRLEBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración.
- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.

---

### Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 Lugo. Tfno: 982121006. Fax: 982121506



## Concello de Lourenzá

---

### **CUARTA.- MODALIDADE DO CONTRATO**

Dado que o posto está financiado ao abeiro Orde do 12 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o ano 2019, e de acordo co establecido na devandita Orde o Concello utilizará necesariamente a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

O mencionado contrato laboral terá unha duración de 9 meses a xornada completa a contar dende a sinatura do contrato.

O contrato estará suxeito a normativa de incompatibilidades prevista para os empregados públicos na Lei 53/84 de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

As condicións serán as establecidas no documento contractual.-

### **QUINTA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

1. Con carácter xeral os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para poder tomar parte nas probas de selección.

- A. Os traballadores e as traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos e polos/as cales se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.
- B. Os traballadores e as traballadoras que foran contratados por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2018 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde.
- C. Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no Artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de Outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

---

## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 Lugo. Tfno: 982121006. Fax: 982121506



## Concello de Lourenzá

---

- D. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto.
- E. Ter cumpridos dezaoito anos e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.
- F. Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do posto.
- G. Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- H. Non atoparse incurso/a nas causas de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente.
- I. No caso de persoas con discapacidade, deberán ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- J. Estar en posesión do Carné de Conducir tipo B.
- K. Posuír a titulación académica esixida para o posto. No caso de alegar equivalencias de títulos achegarase o certificado ao efecto da Consellería de Educación ou organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán ter o documento que acredite fehacientemente a súa homologación.

---

## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 Lugo. Tfno: 982121006. Fax: 982121506



## Concello de Lourenzá

---

### **SEXTA.—CONVOCATORIA**

1. As presentes Bases íntegras publicaranse no Taboleiro de anuncios e na páxina Web do Concello [www.concellodelourenza.gal](http://www.concellodelourenza.gal), no perfil do contratante.
2. A participación no proceso selectivo, dos postos financiados ó abeiro da Orde do 12 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o ano 2019, realizarase de conformidade co artigo 14 da Orde mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, dando traslado á mesma das presentes bases
3. As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberán estar inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia na ocupación correspondente.
4. O Servizo Público de Emprego de Galicia enviará ao Concello de Lourenzá unha relación de candidatos que serán convocados ao proceso selectivo, previa presentación das diferentes ofertas por parte do Concello de Lourenzá.
5. Os/as interesados/as e previamente convocados dirixirán as súas solicitudes, no modelo oficial que se publica como Anexo I destas bases e que tamén se facilitará nas oficinas municipais, á Sra. Alcaldesa do Concello de Lourenzá coa documentación requirida nun prazo de 3 días hábiles dende que reciban a carta da convocatoria.
6. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lourenzá, (Praza do Conde Santo, s/n, 27760, Lourenzá, Lugo).
7. As solicitudes poderán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste caso o solicitante deberá anunciar á Alcaldía - Presidencia a remisión da solicitude mediante telefax, telex ou telegrama o mesmo día de presentación. Sen a concorrencia de ambos requisitos non serán admitidas aquelas solicitudes que sexan recibidas no Concello fora do prazo establecido.

---

### **Concello de Lourenzá**

Praza do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 Lugo. Tfno: 982121006. Fax: 982121506



## Concello de Lourenzá

---

### **SETIMA.— DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR**

- a) Dado que o posto está financiado ó abeiro da Orde do 12 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o ano 2019, será necesario aportar tarxeta de demandante de emprego e carta de presentación remitida pola Oficina de Emprego e figurar na preselección realizada pola Oficina de Emprego.
- b) Fotocopia dos documentos acreditativos da nacionalidade do aspirante: DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do establecido no Artigo 57 do RD Legislativo 5/2015, do 30 de Outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- c) Fotocopia do título académico esixido (Graduado Escolar, certificado de escolaridade, certificado de estudos primarios ou equivalente.).
- d) Fotocopia do permiso de conducir.
- e) Acreditación do grao de discapacidade, de ser o caso.
- f) Fotocopia dos documentos que acrediten debidamente a posesión dos méritos presentados polos aspirantes para a súa valoración na fase de concurso. Os méritos que non estean acreditados tal e como se sinala en cada apartado da fase de concurso non poderán ser valorados.
- g) Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaba no caso de persoal laboral, no que houbera estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

---

### **Concello de Lourenzá**

Praza do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 Lugo. Tfno: 982121006. Fax: 982121506



## Concello de Lourenzá

---

### **OITAVA. -FORMA DE ACREDITAR OS MÉRITOS:**

Deberán presentarse, dentro do prazo de presentación de documentación, as copias dos documentos que acrediten os méritos alegados para poder ser puntuados conforme ao baremo.

Deberanse acompañar as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación á praza convocada.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de documentación xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

#### **a. DOCUMENTOS A PRESENTAR PARA XUSTIFICAR AS ACREDITACIÓNS DOS DISTINTOS APARTADOS DO BAREMO.**

##### **i. Experiencia:**

En tódolos casos deberá presentarse obrigatoriamente o informe de vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Os servizos prestados acreditaranse mediante certificación de servizos prestados expedida polo organismo correspondente, contratos de traballo ou nóminas nos que se acredite o emprego desempeñado e as funcións e tarefas realizadas.

##### **ii. Titulacións académicas e cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares relacionadas coas funcións do posto ao que se opta.**

Presentarase copia do correspondente diploma acreditativo das titulacións académicas, cursos, estudos, xornadas, masters ou similares no que debe constar a duración do curso en horas e, como mínimo, o título do mesmo ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración nin os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.

---

## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 Lugo. Tfno: 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá

---

### **iii. Idioma galego.**

Acreditarase mediante a presentación de certificación expedida polo organismo competente.

### **iv. Pertenza a colectivos con dificultades de inserción laboral.**

A condición de discapacidade deberá acreditarse co certificado do recoñecemento do grao de minusvalía/discapacidade emitido pola autoridade competente ou ben mediante a presentación de documentación acreditativa do recoñecemento da prestación por incapacidade.

A condición de maior de 45 anos ou muller acreditarase mediante a presentación do DNI.

A condición de parado de longa duración acreditarase mediante a vida laboral ou certificación expedida polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase mediante a seguinte documentación:

- Certificación de existencia de orde de protección ou medida cautelar existente e vixente.
- Sentenza condenatoria.
- Informe do Ministerio Fiscal acreditativo da existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento xudicial no que conste a existencia de ditos indicios.
- Informe de Servizos Sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento de convivencia.
- Informe dos servizos de acollida da Administración Pública autonómica ou local en que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.

Coa presentación da documentación para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

---

## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 Lugo. Tfno: 982121006. Fax: 982121506



## Concello de Lourenzá

---

### **NOVENA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

Expedido o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos.

### **DECIMA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR**

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados pola Sra. Alcaldesa – Presidenta mediante resolución.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros:

**Presidente:** Un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo dunha Administración Pública designado pola Alcaldía, con voz e voto.

**Secretario/a:** Un/ha Secretario/a ou funcionario/a dunha Administración Pública designado pola Alcaldía que o substitúa, con voz e voto.

**3 Vogais:** Tres técnicos ou expertos designados pola Alcaldía, con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe a Sra. Alcaldesa, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre a do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao posto.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 30/1992 de 26 de novembro.

Os acordos serán adoptados pola maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada tribunal poderá dispoñela incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, en base ás que, exclusivamente, colaborarán co órgano de selección. O tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

---

## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 Lugo. Tfno: 982121006. Fax: 982121506



## **Concello de Lourenzá**

---

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no art. 28 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no art. 29 da Lei 30/1992.

### **UNDECIMA.—SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION: CONCURSO - OPOSICIÓN**

A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición, consistindo a primeira fase no concurso e na valoración de situacións que dificultan o acceso ao mercado laboral e a segunda fase na oposición que consistirá nunha ou varias probas determinadas polo tribunal cualificador.

#### **CONCURSO DE MÉRITOS:**

Esta fase será previa á de oposición e non tendo carácter eliminatorio, os puntos obtidos na mesma non poderán terse en conta para superar a fase de oposición.

**Puntuación máxima nesta fase: 20 puntos.**

---

## **Concello de Lourenzá**

Praza do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 Lugo. Tfno: 982121006. Fax: 982121506



## Concello de Lourenzá

---

### **1.- Pertenza a colectivos con dificultades de inserción laboral: Ata un máximo de 7 puntos.**

(O presente apartado de baremación específica incorpórase de acordo co disposto no punto 5 do Artigo 14 de requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras da Orde do 12 de Decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019, publicada no D.O.G. núm. 23 do 1 de Febreiro do 2019.

- Mulleres:.....1 punto
  - Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.....1 puntos.
- Menores de 30 anos.....1 punto
  - Menores de 30 anos demandantes do primeiro emprego ou sen cualificación profesional.....1 punto
- Persoa desempregada maior de 45 anos:.....1 punto
- Persoa con discapacidade:.....1 punto
- Persoa parada de longa duración.....1 punto  
(Máis de 12 meses inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia ininterrompidamente segundo a vida laboral ou certificación emitida polo propio Servizo Público de Emprego de Galicia)
- Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, o/a parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.....1 punto.

### **1.1.- Protección de desemprego: Ata un máximo de 2 punto.**

- Perceptores de desemprego ..... 1 puntos.
- Perceptores de subsidios, RAI, PREPARA, ACTIVA.... ..... 1,5 puntos.
- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito..... 2 puntos

---

## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 Lugo. Tfno: 982121006. Fax: 982121506



## Concello de Lourenzá

### **1.2- Pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social. Ata un máximo de 2 puntos.**

(Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social. A puntuación dos dous apartados non é acumulable)

- Integrante de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social .....1 punto
- Persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia.....1 punto

### **2.- Cursos de formación, xornadas, seminarios, congresos e conveccións en materias relacionadas coas funcións do posto ao que se opta: Ata un máximo de 4 puntos.**

- a) Por cada curso de ata 30 horas: 0,20 puntos
- b) Por cada curso de 31 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos
- c) Por cada curso de 100 a 199 horas lectivas: 0,50 puntos
- e) Por cada curso de 200 ou máis horas lectivas: 0,75 puntos

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación do orixinal ou copia do título ou certificado de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do curso e un resumo das materias impartidas.

As publicacións, proxectos, másters propios, seminarios, etc. relacionados coas funcións do posto de traballo valoraranse en función do seu contido e da relación co posto de relevancia para a praza en cuestión.

### **3.- Experiencia profesional: Ata un máximo de 5 puntos.**

Valorarase a experiencia profesional segundo os seguintes criterios ata un máximo de 5 puntos.

No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial, o cómputo do tempo a concreta relación laboral será a que apareza sinalada no Informe de Vida Laboral.

-Por cada mes completo de servizos prestados nunha praza/posto/emprego igual ou similar ao que se convoca, ou realizar as funcións deste: 0,10 puntos ata un máximo de 5 puntos.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes.

Os meses consideraranse de 30 días naturais, contados dende o inicio de cada contrato ata a súa data de finalización.

---

## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 Lugo. Tfno: 982121006. Fax: 982121506



## Concello de Lourenzá

---

### **FASE DE OPOSICIÓN:**

A fase de oposición consistirá na realización de 3 exercicios obrigatorios para os aspirantes.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición quenes non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos de DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir.

**Puntuación máxima nesta fase: 15 puntos.**

Os exercicios da oposición serán os seguintes:

### **PROBA TEÓRICA**

Consistirá na realización dun exame de 10 preguntas tipo test cunha única resposta válida, sobre actividades propias do cargo a desempeñar.

Esta proba valorarase a razón de 0,5 puntos por cada resposta correcta, podendo obter unha puntuación máxima de **5 puntos**.

### **TEMARIO:**

- 1.- A Constitución Española de 1978: principios xerais, estrutura e contido.
- 2.- O municipio: concepto, elementos e competencias.
- 3.- Utilización de materiais e maquinaria empregados nos postos convocados.
- 4.- Emprego de ferramentas e enseres empregados nos postos convocados.
- 5.- Principais núcleos urbanos do Concello de Lourenzá e vías de comunicación.
- 6.- Disposicións mínimas de sinalización de seguridade e de saúde no traballo.
- 7.- Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción.

---

## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 Lugo. Tfno: 982121006. Fax: 982121506



## Concello de Lourenzá

---

### **PROBA PRÁCTICA**

Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas tarefas a desempeñar en cada praza ou posto convocado exposta polo tribunal cualificador e coa duración que este órgano de selección determine con carácter previo ao seu inicio.

Corresponderalle ao Tribunal determinar o nivel mínimo de coñecementos esixido para a superación desta proba.

O tribunal poderá realizar as preguntas e aclaracións que considere necesarias sobre a materia obxecto da proba.

Esta proba valorarase cunha puntuación máxima de **5 puntos**.

### **FASE DE ENTREVISTA**

A entrevista persoal, versará sobre o recoñecemento das aptitudes ou habilidades persoais para o desempeño do posto de traballo. Realizarase no lugar e data sinalada na convocatoria, e a súa realización terá lugar por chamamento por orde alfabético de nome e apelido dos aspirantes.

Esta entrevista valorarase cunha puntuación máxima de **5 puntos**.

### **DUODÉCIMA.— LUGAR, DATA E CELEBRACIÓN DAS PROBAS**

Determinarase por Resolución da Alcaldía e farase público no mesmo anuncio que o nomeamento do Tribunal Cualificador.

### **DÉCIMO TERCEIRA.— CUALIFICACIÓN FINAL**

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal levantará acta coa relación da puntuación obtida por cada aspirante, dando conta da mesma á Alcaldía, que declarará seleccionadas a un total de persoas que nunca superará o total de postos ofertados, publicándose dita puntuación e resultado de selección no taboleiro de anuncios do Concello.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso-oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados. En caso de empate na puntuación final, o desempate resolverase a favor do/da aspirante que obtivese maior puntuación na fase de concurso. De persistir, o empate resolverase a favor daquel/a aspirante que obtivese maior puntuación na fase de oposición.

O Tribunal aprobará e propondrá para a contratación aos candidatos que máis puntuación obtivesen do máximo posible, non podendo declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao número de postos convocados.

---

## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 Lugo. Tfno: 982121006. Fax: 982121506



## Concello de Lourenzá

---

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o/a seleccionado/a non asine o contrato no prazo que se lle sinale ou ben renuncie ao posto.

Confeccionarase unha listaxe de reservas para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación

### **DÉCIMO CUARTA.— FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO**

Rematado o proceso selectivo as persoas que acaden as maiores puntuacións en cada posto convocado serán propostas polo tribunal para a formalización da relación laboral co Concello.

Os/As aspirantes propostos/-as presentarán na Secretaría do Concello, o día hábil seguinte ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- a) Copia do DNI.
- b) Copia da Tarxeta Sanitaria.
- c) Certificado do número de conta bancaria.

No caso de que a persoa seleccionada non reunise os requisitos necesarios para a contratación ou renunciase á mesma, poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral.

### **DÉCIMO QUINTA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior o Presidente da Corporación, fará o nomeamento e formalizará o contrato a favor das persoas propostas polo Tribunal no prazo máximo de dez días a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

Ata que non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.

### **DÉCIMO SEXTA.— DEREITO SUPLETORIO E XURISDICCIÓN.**

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, en concordancia coa Lei de Xurisdición Contencioso-Administrativa.

---

## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 Lugo. Tfno: 982121006. Fax: 982121506





## Concello de Lourenzá

---

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

### **DÉCIMO SÉPTIMA. RECURSOS**

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación ou recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

En Lourenzá, a 22 de Abril de 2019

A Alcaldesa

Rocío López García



---

## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 Lugo. Tfno: 982121006. Fax: 982121506



## Concello de Lourenz

### ANEXO I

SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO DE SELECCIN CONVOCADO POLO CONCELLO DE LOURENZ PARA A CONTRATACIN EN RXIME LABORAL NON PERMANENTE DUN TRABALLADOR FORESTAL.

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	
D.N.I.	Data nacemento	Idade	Telfono
Domicilio	Localidade	Prov.	Cdigo Postal

#### EXPONO:

1. Que fun convocado polo Servizo Pblico de Emprego de Galicia para o proceso selectivo para a contratacin de dous Traballadores Forestais.
2. Que conzo e acepto as bases que rexen a dita convocatoria e que reno os requisitos esixidos.
3. Que estou capacitado/a para o desempeo do posto e que cumpro os requisitos das bases da convocatoria.
4. Que desexo tomar parte na convocatoria para o que achego a seguinte documentacin:
  - DNI
  - CARN DE CONDUCIR
  - TARXETA DE DEMANDANTE DE EMPREGO
  - CERTIFICADO DE PRESTACINS, AXUDAS OU NON PERCEPTORES
  - CONTRATOS DE TRABALLO
  - VIDA LABORAL
  - DIPLOMAS OU CERTIFICADOS DE CURSOS
  - LIBRO DE FAMILIA
  - TITULACIN ACADMICA
  - CELGA
  - CERTIFICADO DE MINUSVALA DE SER O CASO
  - certificacin dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacins, Inclusin e Inmigracin, da Consellera de Poltica Social de PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIN SOCIAL
5. Declaracin formal, baixo xuramento ou promesa de non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de Administracins Pblicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcins pblicas e de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislacin.

#### POR ISO SOLICITO:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo. O abaixo firmante declara baixo a sa responsabilidade que son certos os datos obrantes na presente solicitude e que rene todas e cada unha das condicins e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, as como que acata integramente o contido das bases:

En Lourenz, a                      de                      de 2019.

Asdo.:

**SRA ALCALDESA DO CONCELLO DE LOURENZ**

## Concello de Lourenz

Praza do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenz. 27760 Lugo. Tfno: 982121006. Fax: 982121506